# 2.3. Desenvolvemento do tecido empresarial

A IMPORTANCIA DE DEDICAR UN CAPÍTULO Á ANÁLISE DO DESENVOLVEMENTO DO TECIDO empresarial galego radica tanto na súa vinculación coa evolución do ciclo económico como en que aporta unha visión dende a que estudia-la realidade económica da comunidade autónoma. O seu obxectivo é presenta-las características máis relevantes das empresas galegas que desenvolven a súa actividade en Galicia.

Un primeiro aspecto a a ter en conta é a "limitación temporal" que ven dada pola disparidade de datas de referencia. Dunha banda, os datos estatísticos recollidos no Directorio Central de Empresas (Dirce)[1] do INE –non recolle información sobre determinadas ramas económicas, como son as actividades primarias– refírense ao primeiro día do ano 2004. Doutra banda, os datos do Rexistro mercantil e do Ministerio de Trabajo, empregados para análise da dinámica empresarial e da economía social, si fan referencia ao conxunto do ano 2004. Asemade, os datos do Ardán[2], empregados para o estudio dos trazos da competitividade da empresa galega, refírense ao ano 2003. Finalmente, os datos empregados para o estudio da situación económica e financeira da empresa galega, a partir da información recollida na Central de Balances[3] do IGE –esta estatística non inclúe, por razóns de homoxeneidade, datos das empresas financeiras–, refírense ao ano 2002.

A pesar destas limitacións, pódese salientar como principais características do entramado empresarial galego o reducido tamaño medio das empresas, o predominio da condición xurídica "persoas físicas" e o peso relativo do sector servizos (77,7% das empresas galegas consideradas).

O ano 2004 presentou unha imporante medra do número de empresas constituídas en Galicia. Tras unha medra do 15,1%, o que a sitúa coma a terceira comunidade con maior número de empresas constituídas nese ano tras Castela a Mancha e A Rioxa, o número de empresas constituídas foi de 6.223 empresas (818 sociedades máis que no ano anterior), o que representa o 4,7% das sociedades constituídas en España. Neste ano 2004 rexistráronse cinco suspensións de paga-

(1) O DIRCE cubre tódalas actividades económicas agás a producción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das Comunidades de propietarios e o Servizo doméstico. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

(1) Empresas que teñen a súa sede social en Galicia, que a súa facturación excedeu de 300.000 de euros en 2003, cumpren coas súas obrigacións rexistrais e se dispón de datos para tres anos consecutivos

(2) Estudia empresas con sede social en Galicia e con ingresos de explotación con actividade nos catro anos do estudio (1999-2002). Asemade, non forman parte da mostra as empresas que non teñen a obriga de presenta-las súas contas no Rexistro Mercantil, ou que incumpran tal disposición. Non se inclúen tampouco as empresas pertencentes ó sector financeiro, por mor das dificultades de homoxeneización.

mentos, o 2,8% das producidas en España, e 18 quebras, un 2,4% das acontecidas no conxunto do Estado.

Os datos da estructura económica e financeira das empresas no conxunto do ano 2002 amosan unha ralentización no ritmo de crecemento da actividade productiva e o emprego, aínda que "os datos rexistrados en agregados estratéxicos para o longo prazo como os de investimento en inmobilizado inmaterial ofrecen un balance positivo". Neste ano prodúcese unha mellora na posición financeira das empresas no seu conxunto, aínda que o peso do autofinanciamento segue por baixo do 40% do investimento.

Un último aspecto a considerar á hora de caracteriza-lo lo tecido empresarial galego o constitúe a análise das empresas de economía social, que son empresas que, dende unha óptica de mercado, só se diferencian do resto de sociedades mercantís na forma de tomar decisións e de reparti-los excedentes empresariais. O número de empresas de economía social (sociedades cooperativas e laborais) a 31 de decembro de 2004 ascendeu a 1.987 sociedades, o 4,4% das sociedades en España. O 1,3% da poboación ocupada galega (13.946 traballadores) traballa nestes sociedades, sendo esta porcentaxe do 3,3% no conxunto do Estado.

## Estructura empresarial

O número de **empresas activas** en Galicia experimentou ao longo do ano 2003 un novo incremento, situándose nas 185.722 empresas (datos referidos a 1 de xaneiro de 2004), o que representa o 6,1% do total de empresas activas nese período no conxunto estatal. Ao igual que o acontecido no ano anterior, a medra do número de empresas en Galicia foi, en termos porcentuais, inferior ao rexistrado no conxunto do Estado: 2,6% e 4,1%, respectivamente.

Comparado coas outras comunidades autónomas, **cadro 2.3.1.**, Galicia segue a se-la quinta comunidade con maior número de empresas tras Cataluña (acolle o 18,5% das empresas españolas), Andalucía (o 15,1%), Madrid (o 14,9%) e a C. Valenciana (10,7%).

A provincia de A Coruña é a que acolle o maior número de empresas activas a 1 de xaneiro de 2004, con 77.023 empresas (o 41,5% do total de empresas existentes), seguida de Pontevedra, con 63.125 empresas (34,0%). A presencia empresarial en Lugo e Ourense ascende, no devandito período de tempo, a 23.122 (12,4%) e 22.452 (12,1%) empresas, respectivamente. As catro provincias experimentan unha medra da presencia empresarial, sendo a máis acusada a experimentada en A Coruña, cun crecemento do 3,0% (2.214 empresas). A ralentización no ritmo de creación de empresas rexistrado tanto no conxunto do Estado coma na comunidade galega tamén se rexistra nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, mentres que Lugo presenta unha importante aceleración na creación de empresas, que medra un 2,9% en 2004 fronte ás 0,4% do ano anterior.

A análise da **densidade empresarial** reflicte que Galicia posúe unha densidade empresarial inferior á media estatal. A 1 de xaneiro de 2004 había en Galicia un total de 67,5 empresas por cada mil habitantes, fronte ás 70,9 sociedades no conxunto do Estado.

As provincias de A Coruña e Pontevedra presentan unha densidade empre-

*Empresas existentes nas CC.AA. 2003-04*(1)

| | 2003 | CA / total (%) | 2004 | CA / total (%) | 04/03 | (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 441.623 | 15,0 | 464.179 | 15,1 | 22.556 | 5,1 |
| **Aragón** | 85.814 | 2,9 | 90.005 | 2,9 | 4.191 | 4,9 |
| **Asturias** | 67.039 | 2,3 | 68.175 | 2,2 | 1.136 | 1,7 |
| **Baleares** | 85.425 | 2,9 | 87.024 | 2,8 | 1.599 | 1,9 |
| **Canarias** | 120.294 | 4,1 | 128.020 | 4,2 | 7.726 | 6,4 |
| **Cantabria** | 35.649 | 1,2 | 36.561 | 1,2 | 912 | 2,6 |
| **Castela-A Mancha** | 113.967 | 3,9 | 118.396 | 3,9 | 4.429 | 3,9 |
| **Castela e León** | 155.004 | 5,3 | 159.196 | 5,2 | 4.192 | 2,7 |
| **Cataluña** | 543.719 | 18,5 | 567.019 | 18,5 | 23.300 | 4,3 |
| **C. Valenciana** | 315.214 | 10,7 | 329.334 | 10,7 | 14.120 | 4,5 |
| **Estremadura** | 55.568 | 1,9 | 61.898 | 2,0 | 6.330 | 11,4 |
| **Galicia** | 180.977 | 6,2 | 185.722 | 6,1 | 4.745 | 2,6 |
| **A Coruña** | 74.809 | 2,5 | 77.023 | 2,5 | 2.214 | 3,0 |
| **Lugo** | 22.479 | 0,8 | 23.122 | 0,8 | 643 | 2,9 |
| **Ourense** | 22.118 | 0,8 | 22.452 | 0,7 | 334 | 1,5 |
| **Pontevedra** | 61.571 | 2,1 | 63.125 | 2,1 | 1.554 | 2,5 |
| **Madrid** | 436.074 | 14,8 | 456.175 | 14,9 | 20.101 | 4,6 |
| **Murcia** | 82.484 | 2,8 | 85.110 | 2,8 | 2.626 | 3,2 |
| **Navarra** | 39.679 | 1,3 | 40.730 | 1,3 | 1.051 | 2,6 |
| **País Vasco** | 155.666 | 5,3 | 157.539 | 5,1 | 1.873 | 1,2 |
| **A Rioxa** | 21.049 | 0,7 | 21.598 | 0,7 | 549 | 2,6 |
| **Ceuta e Melilla** | 7.338 | 0,2 | 7.448 | 0,2 | 110 | 1,5 |
| **Total** | 2.942.583 | 100 | 3.064.129 | 100 | 121.546 | 4,1 |

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro do ano seguinte

Fonte: *INE, Directorio Central de Empresas*

CADRO 2.3.1.

sarial superior á media galega, con 68,7 sociedades por cada 1.000 habitantes a primeira e 67,8 sociedades, a segunda. Séguelle Ourense, con 66,0 sociedades por cada mil habitantes, e Lugo, con 64,5 sociedades.

Comparado co ano anterior, a densidade empresarial galega medra menos que no conxunto do Estado, ao rexistrarse en Galicia 1,7 sociedades máis por cada mil habitantes fronte as 2,0 sociedades máis de media en España. As catro provincias galegas presentan un incremento da densidade empresarial, sendo o máis acusado o rexistrado na provincia de Lugo, cun crecemento de 2,2 sociedades máis por cada mil habitantes entre o 1 de xaneiro de 2003 e 2004 . Pola contra, Pontevedra e Ourense son as que presentan as medras menos acusadas, con 1,4 sociedades menos por cada mil habitantes.

A **distribución segundo grandes sectores** das actividades principais que as empresas galegas desenvolven non presenta grandes diferencias en relación á media estatal. Sen embargo, se se considera a diferenciación entre actividades comerciais e resto dos servizos, a representatividade do comercio en Galicia é 2,3 puntos superior á media estatal, ao contrario do que acontece no caso do resto dos servizos (tres puntos porcentuais superior en España).

O sector servizos acolle máis de tres cuartas partes das empresas activas (o 77,7% das empresas galegas), 144.316 empresas (55.399 pertencentes ao subsector comercio), fronte ás 26.422 empresas do sector da construcción (un 14,2%) e 14.984 empresas industriais (8,1%). No conxunto do Estado estas porcentaxes representan o 78,4% no sector servizos e o 13,6% e 8,0% no caso das empresas de construcción e da industria.

Se se considera a participación das empresas galegas sobre o total das españolas, o peso relativo do conxunto das empresas galegas foi do 6,1%, varian-

CADRO 2.3.2.

### Empresas existentes a 1/1/2004 e 1/1/2005: distribución segundo ramas de actividade

| | 1 / xaneiro / 2004 | | | 1 / xaneiro / 2005 | | | 03/04 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia/ España | Galicia | España | Galicia/ España | Galicia | España |
| **Sector industrial** | 15.000 | 248.289 | 6,0 | 14.984 | 246.472 | 6,1 | -0,1 | -0,7 |
| **Industrias extractivas** | 415 | 2.976 | 13,9 | 422 | 2.988 | 14,1 | 1,7 | 0,4 |
| Extracción de productos enerxéticos | 3 | 188 | 1,6 | 3 | 185 | 1,6 | 0,0 | -1,6 |
| Extracción de minerais metálicos | 6 | 67 | 9,0 | 4 | 64 | 6,3 | -33,3 | -4,5 |
| Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos | 406 | 2.721 | 14,9 | 415 | 2.739 | 15,2 | 2,2 | 0,7 |
| **Industria manufactureira** | 14.381 | 241.054 | 6,0 | 14.355 | 239.482 | 6,0 | -0,2 | -0,7 |
| Industria da alimentación, bebidas e tabaco | 2.660 | 32.659 | 8,1 | 2.600 | 31.901 | 8,2 | -2,3 | -2,3 |
| Industria téxtil e da confección | 1.789 | 26.544 | 6,7 | 1.763 | 25.468 | 6,9 | -1,5 | -4,1 |
| Industria do coiro e do calzado | 56 | 6.757 | 0,8 | 59 | 6.473 | 0,9 | 5,4 | -4,2 |
| Industria da madeira e da cortiza | 1.752 | 18.346 | 9,5 | 1.725 | 17.945 | 9,6 | -1,5 | -2,2 |
| Ind. do papel; edición, artes gráficas e reproducción soportes grabados | 1.085 | 27.204 | 4,0 | 1.104 | 27.343 | 4,0 | 1,8 | 0,5 |
| Industria química | 166 | 4.617 | 3,6 | 166 | 4.589 | 3,6 | 0,0 | -0,6 |
| Fabricación de productos de caucho e materias plásticas | 217 | 6.247 | 3,5 | 220 | 6.213 | 3,5 | 1,4 | -0,5 |
| Fabricación doutros productos minerais non metálicos | 1.076 | 12.873 | 8,4 | 1.086 | 12.770 | 8,5 | 0,9 | -0,8 |
| Metalurxia e fabricación de productos metálicos | 2.463 | 46.170 | 5,3 | 2.487 | 46.993 | 5,3 | 1,0 | 1,8 |
| Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico | 592 | 14.788 | 4,0 | 617 | 14.997 | 4,1 | 4,2 | 1,4 |
| Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico | 486 | 10.108 | 4,8 | 492 | 10.174 | 4,8 | 1,2 | 0,7 |
| Fabricación de material de transporte | 513 | 4.911 | 10,4 | 515 | 4.990 | 10,3 | 0,4 | 1,6 |
| Fabricación de mobles | 1.204 | 21.485 | 5,6 | 1.196 | 21.280 | 5,6 | -0,7 | -1,0 |
| Outras industrias manufactureiras | 322 | 8.345 | 3,9 | 325 | 8.346 | 3,9 | 0,9 | 0,0 |
| **Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga** | 204 | 4.259 | 4,8 | 207 | 4.002 | 5,2 | 1,5 | -6,0 |
| Producción e distribución enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente | 191 | 2.510 | 7,6 | 192 | 2.658 | 7,2 | 0,5 | 5,9 |
| Captación, depuración e distribución de auga | 13 | 1.749 | 0,7 | 15 | 1.344 | 1,1 | 15,4 | -23,2 |
| **Construcción** | 25.360 | 391.487 | 6,5 | 26.422 | 415.585 | 6,4 | 4,2 | 6,2 |
| **Sector servizos** | 140.617 | 2.302.807 | 6,1 | 144.316 | 2.402.072 | 6,0 | 2,6 | 4,3 |
| **Actividades comerciais por xunto e polo miúdo** | 54.852 | 825.503 | 6,6 | 55.399 | 841.459 | 6,6 | 1,0 | 1,9 |
| **Hostalería** | 22.036 | 283.674 | 7,8 | 21.716 | 283.103 | 7,7 | -1,5 | -0,2 |
| **Transporte, almacenamento e comunicacións** | 13.520 | 232.228 | 5,8 | 13.671 | 236.276 | 5,8 | 1,1 | 1,7 |
| **Intermediación financeira** | 3.414 | 51.188 | 6,7 | 3.627 | 53.649 | 6,8 | 6,2 | 4,8 |
| **Act. inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais** | 27.365 | 574.475 | 4,8 | 29.313 | 627.696 | 4,7 | 7,1 | 9,3 |
| **Educación** | 3.223 | 53.487 | 6,0 | 3.314 | 55.634 | 6,0 | 2,8 | 4,0 |
| **Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais** | 5.966 | 111.121 | 5,4 | 6.115 | 114.495 | 5,3 | 2,5 | 3,0 |
| **Outras act. sociais e de servizos á comunidade; servizos persoais** | 10.241 | 171.131 | 6,0 | 11.161 | 189.760 | 5,9 | 9,0 | 10,9 |
| **Total** | 180.977 | 2.942.583 | 6,2 | 185.722 | 3.064.129 | 6,1 | 2,6 | 4,1 |

Fonte: *INE, Directorio de Empresas de Galicia*

do esta porcentaxe entre o 6,6%, no caso das actividades comerciais, e o 5,7%, no caso do resto dos servizos.

A diferencia do acontecido no ano anterior, a medra do número de empresas rexístrase en todos sectores agás no caso das actividades industriais consideradas no seu conxunto (93 empresas menos que no ano anterior). A medra máis importante, ao igual que no ano anterior rexístrase no conxunto de empresas englobadas en "resto de servizos", que engloba ás actividades de hostalería, transporte e comunicacións, inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais, actividades educativas, sanitarias e de asistencia social, e outros tipo de actividades sociais, incluídos os servizos persoais, medra en 3.152 empresas (3,7% máis que no ano anterior). En termos relativos, o sector da construcción foi o que presentou os maiores crecementos, cunha medra do 4,2% (1.062 empresas máis), mentres que a taxa de crecemento das empresas dedicadas ás actividades comerciais foi do 1,0% (547 empresas máis).

Dada a importancia relativa do sector servizos, as tres **ramas de actividade** máis importantes son, segundo o número de empresas, as de "comercio polo miúdo, agás vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores", que representa o 19,4% das empresas galegas, a "hostalería", co 14,2% das empresas, e "outras actividades empresariais", co 10,8%. As de "comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas", representan o 7,4%.

No ámbito das empresas do sector industrial salientan, ao igual que no ano anterior, a industria de productos alimentarios e bebidas, as de fabricación de productos metálicos, agás maquinaria e equipo e as da industria de madeira e cortiza, agás mobles, cestería e espartería. En conxunto, estas tres ramas de actividade representan o 3,6% das empresas galegas segundo o Dirce.

Se se compara o peso relativo da empresa galega no total estatal, cómpre subliñar a importancia das empresas de "Serrado e cepillado da madeira; preparación industrial de madeira", que representan o 27,4% das empresas españolas pertencentes a este subsector. Asemade, hai que subliñar o peso relativo das actividades de "Elaboración e conservación de pescados e productos a base de pescado" e "Extracción de pedra", que acollen o 23,3% e 23,0% das empresas españolas destes subsectores así como as empresas dedicadas á "Extracción e aglomeración de lignito pardo", que representan o 20,0% das empresas españolas que realizan estas actividades.

Se se considera o número de traballadores en plantilla como indicador do **tamaño das empresas**, **cadro 2.3.3.**, os datos do Dirce amosan que case a metade das empresas galegas (49,4% das empresas) son empresas sen asalariados (91.701 firmas), fronte ao 51,4% no ámbito estatal. A meirande parte das empresas, o 94,8%, poden considerarse como micro-empresas[4], é dicir, que teñen menos de 10 empregados, en tanto que a porcentaxe de medianas e grandes empresas –máis de 50 traballadores– non acada o 1%.

Ao longo do ano 2003 o volume total de empresas medrou tanto no caso

(4) O artigo 3 da recomendación da Comisión Europea de 16 de abril de 1996 considera micro-empresa aquela que ten menos de 10 traballadores; pequena empresa a que ten entre 10 e 49 empresa; mediana empresa a que emprega entre 50 e 249 empresas; e grande empresa a que ten máis de 250 traballadores. Tendo en conta a limitación dos datos ofrecidos polo Dirce, considérase mediana-empresa a que ten entre 50 e 199 traballadores, e grande-empresa a que ten máis de 200 traballadores.

*Empresas existentes en Galicia e España 2004: distribución segundo tamaño das empresas* (1)

| | Galicia | | | | | España | G/E |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | | |
| **Sen asalariados** | 91.701 | 39.898 | 11.234 | 11.498 | 29.071 | 1.574.166 | 5,8 |
| **De 1 a 2 asalariados** | 56.461 | 22.185 | 7.541 | 6.872 | 19.863 | 850.367 | 6,6 |
| **De 3 a 5 asalariados** | 19.554 | 7.643 | 2.455 | 2.278 | 7.178 | 310.787 | 6,3 |
| **De 6 a 9 asalariados** | 8.399 | 3.300 | 965 | 899 | 3.235 | 145.443 | 5,8 |
| **De 10 a 19 asalariados** | 5.397 | 2.215 | 552 | 512 | 2.118 | 100.211 | 5,4 |
| **De 20 a 49 asalariados** | 3.025 | 1.237 | 297 | 284 | 1.207 | 56.260 | 5,4 |
| **De 50 a 99 asalariados** | 669 | 297 | 44 | 68 | 260 | 14.394 | 4,6 |
| **De 100 a 199 asalariados** | 302 | 142 | 23 | 25 | 112 | 7.003 | 4,3 |
| **De 200 a 499 asalariados** | 148 | 71 | 7 | 9 | 61 | 3.817 | 3,9 |
| **De 500 a 999 asalariados** | 33 | 16 | 3 | 4 | 10 | 967 | 3,4 |
| **De 1.000 a 4.999 asalariados** | 31 | 18 | 1 | 3 | 9 | 630 | 4,9 |
| **Máis de 5.000 asalariados** | 2 | 1 | - | - | 1 | 84 | 2,4 |
| **Total** | 185.722 | 77.023 | 23.122 | 22.452 | 63.125 | 3.064.129 | 6,1 |

**(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2004**
Fonte: *INE, Directorio Central de Empresas*

CADRO 2.3.3. ▲

das empresas sen asalariados (2.270 empresas máis) como no das empresas con asalariados (con 2.475 empresas). A diferencia do acontecido no ano anterior, o número de empresas con asalariados medra en Galicia nos tres grandes grupos considerados: no de micro empresas (2.127 empresas), nas pequenas empresas (292 empresas) e nas medianas e grandes empresas (56 empresas máis).

Atendendo á distribución provincial cómpre salientar, por unha banda, que A Coruña volve a presentar o maior número de empresas nos diferentes estratos considerados. Doutra, cómpre salientar que a medra do número de micro empresas, pequenas e medianas empresas rexístrase nas catro provincias galegas, namentres que no caso das grandes empresas (máis de 200 traballadores) Lugo e Ourense ven coma descende o seu número.

Se a aproximación ao tamaño medio da empresa se fai a través do cociente do número de traballadores afiliados á Seguridade Social no réxime xeral e nos réximes da minería do carbón e de autónomos entre o número de empresas[5], obsérvase que a dimensión media de empresa galega, así como a dimensión das empresas das catro provincias galegas, é inferior á media estatal. O número medio de traballadores nas empresas galegas consideradas no Dirce é de 4,5 traballadores fronte aos cinco traballadores de media en España.

Comparado co ano anterior, tanto en Galicia como no conxunto do Estado mantense o tamaño medio das empresas. A provincia de Ourense foi a única que rexistrou unha medra do número de traballadores por empresas, con 4,4 traballadores no último ano fronte aos 4,1 traballadores do ano anterior. No resto das provincias o tamaño empresarial medio permanece constante.

Se se consideran só as empresas con asalariados, que representan pouco máis da metade do tecido empresarial segundo os datos do Dirce, este indicador, onde non se inclúen os traballadores autónomos, amosa tamén unha menor dimensión nas empresas galegas (7,1 traballadores en Galicia fronte aos 8,4 traballadores de media no conxunto do Estado). Ao igual que para o conxunto de empresas, esta menor tamaño medio preséntase nas catro provincias galegas.

(5) Nesta comparación tense en conta, dunha banda, os datos de empresas a 1 de xaneiro de 2004 e os da afiliación de traballadores á Seguridade Social a 31 de decembro de 2003, e doutra, os referidos ao mesmo tempo do ano anterior.

CADRO 2.3.4.

### Empresas existentes 2004(1): distribución segundo a súa condición xurídica

| | Persoas Físicas | Sociedades anónimas | Sociedades de Responsabilidade Limitada. | Sociedades colectivas | Sociedades comanditarias | Comunidades de bens | Sociedades Cooperativas | Asociacións e outros tipos | Organismos autónomos e outros | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 47.935 | 1.736 | 20.596 | 8 | - | 926 | 391 | 5.279 | 152 | 77.023 |
| **Lugo** | 15.462 | 310 | 5.459 | - | - | 1.381 | 174 | 276 | 60 | 23.122 |
| **Ourense** | 14.663 | 477 | 5.748 | 1 | - | 284 | 136 | 1.090 | 53 | 22.452 |
| **Pontevedra** | 36.099 | 1.556 | 20.896 | 3 | - | 2.611 | 287 | 1.559 | 114 | 63.125 |
| **Total** | 114.159 | 4.079 | 52.699 | 12 | - | 5.202 | 988 | 8.204 | 379 | 185.722 |
| **España** | 1.767.265 | 121.441 | 918.449 | 406 | 100 | 94.898 | 25.801 | 127.414 | 8.355 | 3.064.129 |
| **G/E** *(%)* | 6,5 | 3,4 | 5,7 | 3,0 | - | 5,5 | 3,8 | 6,4 | 4,5 | 6,1 |

**(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2005**

Fonte: *INE, Directorio Central de Empresas*

Ao igual que no conxunto das empresas, o tamaño empresarial mantense constante en Galicia e no conxunto do Estado. Esta mesma situación rexístrase en A Coruña, Lugo e Ourense, mentres que nas empresas de Pontevedra o número de traballadores por empresa pasa dos 7,0 traballadores de 2002 aos 7,1 traballadores de 2003.

Os datos do Dirce reflicten o predominio da **condición xurídica** de persoas físicas que representa, **cadro 2.3.4.**, o 61,5% do total de empresas existentes en Galicia (114.159 empresas), fronte ao 28,4% (52.699 empresas) das sociedades de responsabilidade limitada ou o 2,2% (4.079 empresas) no caso das sociedades anónimas. Comparado co total estatal, o peso relativo das persoas físicas é do 6,5% e o das SRL do 5,7%.

En relación ao ano anterior, o incremento no número de empresas existente ven explicado fundamentalmente pola medra das SRL, con 3.625 empresas máis. As comunidades de bens medran en 358 empresas, e o número d empresas coa condición xurídica "persoas físicas" o fai en 120. Pola contra, redúcese lixeiramente o número de sociedades cooperativas, con 20 empresas menos.

Ao igual que o acontecido no ano anterior, as catro provincias galegas presentan unha medra do número de sociedades de responsabilidade limitada, comunidades de bens e asociacións e outros tipos. Pola contra,o número de cooperativas activas a 1 de xaneiro de 2004 tan só medra na provincia de Lugo, mentres que Ourense e Pontevedra son as Provincias galegas que presentan unha caída de empresas de tipo "persoas físicas".

## Dinámica empresarial

Outro aspecto importante á hora de analiza-lo tecido empresarial galego é a consideración da creación de sociedades mercantís. Galicia, cunha medra do 15,1% respecto ao ano precedente, convértese na terceira comunidade autónoma co maior incremento do número de sociedades constituídas, tras Castela A Mancha (16,3%) e A Rioxa (16,0%).

Ao longo do ano 2004, constituíronse en Galicia 6.223 sociedades mercantís (o 4,7% do total de sociedades mercantís constituídas no conxunto do Estado), sendo a quinta comunidade autónoma en canto ao número de sociedades creadas. Neste ano catro comunidades autónomas, Cataluña, Madrid, Andalucía e a C. Valenciana, acollen o 66,9% do total das novas sociedades (**cadro 2.3.5.**).

O capital subscrito polo conxunto de sociedades creadas en Galicia en 2004 ascendeu a 322,3 millóns de euros (o 3,0% do capital subscrito en España), do que foi desembolsado un total de 318,4 millóns de euros (o 3,3% do total estatal).

Os datos do Rexistro mercantil amosan a concentración da actividade empresarial en A Coruña e Pontevedra, que acollen o 81,1% das sociedades constituídas en Galicia en 2004. A devandita medra do número de sociedades rexistrouse nas catro provincias galegas, sendo as máis acusadas, en termos absolutos, as rexistradas en A Coruña (con 381 constitucións máis) e Pontevedra (257 constitucións). En termos relativos, cómpre salientar o incremento de Ourense, cun 31,3%.

*Sociedades constituídas nas CC.AA. 2003-04: distribución segundo a súa forma xurídica*

| | Anónimas | | Limitadas | | Outras | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 |
| **Andalucía** | 242 | 298 | 19.004 | 21.162 | 1.621 | 1.495 | 20.867 | 22.955 |
| **Aragón** | 70 | 54 | 2.539 | 2.687 | 232 | 189 | 2.841 | 2.930 |
| **Asturias** | 68 | 31 | 1.564 | 1.602 | 140 | 165 | 1.772 | 1.798 |
| **Baleares** | 33 | 37 | 3.535 | 3.820 | 116 | 97 | 3.684 | 3.954 |
| **Canarias** | 93 | 52 | 5.324 | 5.436 | 202 | 262 | 5.619 | 5.750 |
| **Cantabria** | 16 | 14 | 952 | 978 | 51 | 67 | 1.019 | 1.059 |
| **Castela - A Mancha** | 82 | 74 | 3.500 | 4.167 | 365 | 349 | 3.947 | 4.590 |
| **Castela e León** | 80 | 77 | 3.844 | 4.159 | 285 | 258 | 4.209 | 4.494 |
| **Cataluña** | 429 | 369 | 22.371 | 23.825 | 816 | 746 | 23.616 | 24.940 |
| **C. Valenciana** | 237 | 187 | 13.593 | 15.155 | 561 | 604 | 14.391 | 15.946 |
| **Estremadura** | 28 | 34 | 1.257 | 1.338 | 99 | 97 | 1.384 | 1.469 |
| **Galicia** | 91 | 71 | 4.958 | 5.684 | 356 | 468 | 5.405 | 6.223 |
| **A Coruña** | 26 | 23 | 1.931 | 2.245 | 109 | 179 | 2.066 | 2.447 |
| **Lugo** | 15 | 5 | 446 | 489 | 45 | 39 | 506 | 533 |
| **Ourense** | 5 | 7 | 441 | 567 | 43 | 68 | 489 | 642 |
| **Pontevedra** | 45 | 36 | 2.140 | 2.383 | 159 | 182 | 2.344 | 2.601 |
| **Madrid** | 904 | 729 | 22.409 | 23.051 | 1.028 | 1.019 | 24.341 | 24.799 |
| **Murcia** | 47 | 36 | 3.455 | 3.793 | 268 | 299 | 3.770 | 4.128 |
| **Navarra** | 33 | 32 | 1.214 | 1.284 | 114 | 86 | 1.361 | 1.402 |
| **País Vasco** | 128 | 111 | 4.255 | 4.807 | 215 | 141 | 4.598 | 5.059 |
| **A Rioxa** | 17 | 12 | 549 | 647 | 22 | 23 | 588 | 682 |
| **Ceuta e Melilla** | 4 | 4 | 190 | 192 | 6 | 4 | 200 | 200 |
| **Total** | 2.602 | 2.222 | 114.513 | 123.787 | 6.497 | 6.369 | 123.612 | 132.378 |

Fonte: *Registro Mercantil Central*

▲ CADRO 2.3.5.

Se se considera como indicador da taxa de creación de empresas a ratio "número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes", Galicia acada un valor de 22,5 sociedades, tan só por diante de Asturias, Cantabria, Castela e León e Estremadura. No conxunto do Estado, este índice acada un valor de 30,1 sociedades constituídas por cada dez mil habitantes, presentando as comunidades autónomas de Baleares, Cataluña, a C. Valenciana, Madrid e Murcia un valor superior á media española.

Pontevedra é a provincia que presenta a maior taxa de creación de empresas, co 27,7 sociedades por cada dez mil habitantes, seguida por A Coruña, con 21,7 sociedades. Comparado co ano anterior, cómpre salientar a medra en Ourense, que acada un total de 18,9 sociedades por cada 10.000 habitantes en 2004 fronte ás 14,4 sociedades do ano anterior.

O número de **suspensións de pagamentos** rexistradas en Galicia descendeu ao longo do ano 2004, rexistrándose un total de cinco suspensións fronte ás nove do ano anterior. Destas cinco suspensións, **cadro 2.3.6.**, tres corresponden a sociedades anónimas e dúas a sociedades limitadas. O peso relativo das suspensión rexistradas no total estatal foi do 2,8%, fronte ao 4,5% do ano 2003.

No concernente ás **quebras** de sociedades, no ano 2003 rexistráronse un total de dezaoito quebras (once en A Coruña), o que significa que Galicia acolle o 2,4% do total das quebras rexistradas no conxunto do Estado. Destas quebras, catorce corresponden a quebras de sociedades limitadas e catro a sociedades anónimas.

Finalmente, no ano 2004 producíronse en Galicia 698 **disolucións** de sociedades mercantís, o que representa o 4,4% do total das rexistradas en España. Atendendo á súa forma xurídica, 517 disolucións corresponderon a sociedades limitadas (o 74,1%) mentres que as disolucións de sociedades anónimas ascendeu a 75 (un 10,7%). Por provincias, o maior número de disolucións rexistráron-

CADRO 2.3.6.

***Dinámica empresarial nas CC.AA. 2003-04: suspensión de pagos, quebras e disolucións de sociedades***

| | Suspensións de pagos | | Quebras | | Disolucións | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 |
| **Andalucía** | 14 | 17 | 20 | 26 | 1.406 | 1.999 |
| **Aragón** | 6 | 7 | 7 | 18 | 456 | 577 |
| **Asturias** | 8 | 6 | 21 | 23 | 240 | 351 |
| **Baleares** | 1 | 1 | 29 | 30 | 483 | 584 |
| **Canarias** | - | 1 | 4 | 12 | 375 | 636 |
| **Cantabria** | 2 | 1 | 5 | 6 | 100 | 178 |
| **Castela -A Mancha** | 1 | 9 | 8 | 6 | 307 | 414 |
| **Castela e León** | 8 | 9 | 19 | 26 | 479 | 664 |
| **Cataluña** | 55 | 55 | 314 | 342 | 1.545 | 2.266 |
| **C. Valenciana** | 26 | 28 | 57 | 56 | 1.484 | 1.789 |
| **Estremadura** | 2 | 7 | 5 | 1 | 176 | 181 |
| **Galicia** | 9 | 5 | 17 | 18 | 520 | 698 |
| **A Coruña** | 4 | 1 | 9 | 11 | 211 | 297 |
| **Lugo** | 2 | 1 | - | 2 | 51 | 76 |
| **Ourense** | - | 1 | - | - | 49 | 90 |
| **Pontevedra** | 3 | 2 | 8 | 5 | 209 | 235 |
| **Madrid** | 42 | 18 | 93 | 88 | 2.780 | 3.562 |
| **Murcia** | 4 | 2 | 9 | 6 | 217 | 260 |
| **Navarra** | - | - | - | - | 130 | 236 |
| **País Vasco** | 18 | 13 | 75 | 76 | 751 | 1.225 |
| **A Rioxa** | 3 | 2 | 3 | 8 | 75 | 143 |
| **Total** | 199 | 181 | 686 | 742 | 11.524 | 15.763 |

Fonte: *Registro Mercantil Central*

se en A Coruña, con 297 disolucións, seguida de Pontevedra, con 235, e de Ourense e Lugo, con 90 e 76, respectivamente.

Se se considera o índice de rotación empresarial como o cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constitucións, en Galicia disolvéronse un total de 11,2 empresas disoltas por cada cen empresas constituídas, fronte ás 11,9 empresas no conxunto do Estado. A diferencia do que aconteceu no ano anterior, esta ratio medra tanto en Galicia como en España, acadando en 2003 as 9,6 sociedades disoltas por cada 100 empresas fronte ós 9,3 de media en España.

En tres provincias galegas –A Coruña, Lugo e Ourense– esta ratio presenta un valor superior á media española, acadando un valor de 14,3 en Lugo e de 14,0 en Ourense. Pola contra, a provincia de Pontevedra rexistra un total de nove disolución por cada cen empresas constituídas.

## Estructura económica e financeira da empresa galega

A información recollida no *Informe anual económico-financeiro da empresa galega 2004* reflicte que ao longo do ano 2002 os ingresos de explotación e o valor engadido bruto das 23.608 sociedades consideradas experimentaron un crecemento próximo ao 8%. No ano anterior, e para as 20.738 empresas consideradas nese ano, estas porcentaxes foron do 9,1% e 12,6%, respectivamente.

Se se consideran os datos das 18.057 empresas con datos contables declarados entre 1999 e 2002, o **gráfico 2.3.1.** reflicte a moderación experimentada en 2002 no ritmo de crecemento dos grandes agregados económicos básicos (ingresos de explotación, valor engadido bruto, investimento e emprego).

Malia esta ralentización do crecemento da actividade empresarial, cómpre

***Taxas de variación dos grandes agregados da empresa galega 1999-2002*** **(1)**




**(1) considéranse as 18.057 empresas con datos contables declarados dende 1999**
**(2) correspóndese ós datos das 12.570 empresas que presentan datos consistentes de emprego nos catro anos considerados**
Fonte: *IGE, Central de balances de Galicia*

▲ GRÁFICO 2.3.1.

salientar, dunha banda, que o investimento en inmobilizado inmaterial –agregado estratéxico para o longo prazo– presenta incrementos superiores á dos agregados básicos considerados. Doutra, os recursos propios das empresas presentan unha medra superior á dos recursos alleos. A pesar desta evolución, o peso do autofinanciamento segue sen acada-lo 40% do investimento total.

Ao longo do período 1999-2002 as empresas galegas consideradas presentan unha caída das súas rendibilidades económica e financeira antes de impostos (tómase como referencia a mediana, é dicir, o valor central da mostra). A primeira prodúcese pola caída tanto da marxe sobre as vendas como da rotación de activos, e a segunda influenciada pola caída da rendibilidade económica. O coeficiente de endebedamento descende de xeito continuado no período considerado.

Se se considera a **distribución empresarial entre as distintas provincias**, o **cadro 2.3.7.** amosa que A Coruña e Pontevedra acollen en 2002 un 38% das empresas galegas (a importancia relativa da poboación a 1 de xaneiro de 2002 é do 40,7% e 33,7%, respectivamente), fronte ao 12% de Lugo e Ourense (13,1% e 12,4%, respectivamente). A Coruña é a que presenta o maior volume de ingresos de explotación, VEB e investimento total, salientando a importancia relativa deste último, que representa o 52,3% do investimento galego.

Tendo en conta os datos das empresas das que se dispoñen datos no período 1999-2002, cómpre salientar que en 2002 as empresas de A Coruña, consideradas no seu conxunto, presentan o maior dinamismo, ao presentar as taxas de crecemento máis altas nos agregados básicos de actividade e emprego. As empresas de Pontevedra son as que presentan un maior esforzo investidor en inmobilizado inmaterial.

Se se analiza o tecido empresarial galego atendendo á súa **desagregación segundo sectores e ramas de actividade**, o sector servizos acolle a seis de cada dez empresas analizadas na Central de balances, sendo a participación relativa

**Evolución dos grandes agregados básicos da actividade e emprego empresa galega 2001-02: distribución segundo provincias**

**2001**

| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Nº de empresas** | | 24.542 | 9.324 | 2.910 | 2.850 | 9.458 |
| **Ingresos de explotación** | | 49.912,2 | 21.590,0 | 3.452,9 | 3.204,2 | 21.665,1 |
| **Valor engadido bruto** | *(en millóns de €)* | 10.297,4 | 4.739,3 | 692,4 | 762,5 | 4.223,9 |
| **Investimento** | | 42.824,8 | 21.684,8 | 2.867,6 | 2.664,5 | 15.607,8 |
| **Traballadores por empresa** | | 6 | 7 | 5 | 5 | 7 |

**2002**

| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Nº de empresas** | | 23.608 | 9.014 | 2.794 | 2.726 | 9.074 |
| **Ingresos de explotación** | | 51.930,8 | 23.305,8 | 3.310,8 | 3.086,5 | 22.227,6 |
| **Valor engadido bruto** | *(en millóns de €)* | 10.803,4 | 5.196,5 | 705,1 | 765,4 | 4.276,4 |
| **Investimento** | | 45.470,9 | 23.773,9 | 2.963,8 | 2.963,9 | 15.769,3 |
| **Traballadores por empresa** | | 6 | 7 | 5 | 5 | 8 |

Fonte: *IGE, Central de balances de Galicia*

CADRO 2.3.7. ▲

dos seus ingresos de explotación e do seu VEB no total galego do 51,5% e 46,6%, respectivamente. O **cadro 2.3.8.** indica que un 56,1% das empresas de servizos corresponden á actividades comerciais, que acollen o 74,3% dos ingresos de explotación do sector e o 51,8% do VEB.

Entre o "resto dos servizos" cómpre salienta-la importancia relativa das "actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais" e das "actividades do transporte, almacenamento e comunicacións", que xeran o 24,0% e 13,0% do VEB do sector, respectivamente, e o 12,7% e 7,5% dos ingresos de explotación, respectivamente.

A representatividade das empresas industriais no tecido empresarial galego é do 19,2%, sendo a participación do seu VEB e dos seus ingresos de explotación, en 2002, do 38,6% e 36,9%, respectivamente. A rama de actividade máis importante é a de fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques, que proporcionan o 20,9% da producción industrial, seguíndolle en importancia a industria de producción de productos alimenticios e bebidas, co 14,2%, e da fabricación de productos metálicos, agás maquinaria e equipo, e a industria téxtil, confección e peletería, co 8,6% e 7,5%, respectivamente.

As empresas do sector da construcción supoñen o 19,3% das empresas analizadas, ascendendo o seu VEB a 1.510,0 millóns de euros en 2002 (o 14,3% do VEB galego) e os ingresos de explotación a 5.541,3 millóns de euros (o 10,8% do conxunto das empresas galegas consideradas). A rama de actividade máis importante dentro deste sector é a de construcción xeral de inmobles e obras de enxeñería civil, que acolle a metade das empresas da construcción, así como tres cuartas partes dos ingresos de explotación e o 64,8% do VEB xerado no sector.

O sector primario acolle o 2,4% das empresas galegas recollidas na Central de balances do IGE. O VEB xerado por estas empresas en 2002 ascendeu a 264,4 millóns de euros (2,4% do total galego) e os ingresos de explotación a 824,8 millóns de euros (o 1,6%). Atendendo ás distintas ramas de actividade deste sector, as 353 empresas do subsector pesqueiro xeran o 84,3% do VEB primario, fronte ao 12,7% das actividades agrogandeiras e o 3,0% do subsector forestal.

***Sectores productivos galegos 2002: distribución segundo sectores***

| | Empresas | Ingresos de explotación | VEB | Investimento | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en miles de €)* | | |
| **Agricultura, gandería caza e silvicultura** | 215 | 172.411,0 | 41.447,2 | 159.045,3 | 5 |
| Agric., gandería, caza e act. dos servizos relacionados | 174 | 146.709,5 | 33.484,4 | 136.922,2 | 4 |
| Silvicultura, explt. forestal e servizos relacionados | 41 | 25.701,5 | 7.962,9 | 22.123,2 | 6 |
| **Pesca** | 353 | 652.405,0 | 222.978,8 | 1.037.091,4 | 14 |
| **Industrias extractivas** | 231 | 518.793,8 | 256.502,0 | 873.619,6 | 15 |
| **Ind. manufactureiras** | 4.177 | 18.100.181,4 | 3.619.443,5 | 12.134.124,7 | 10 |
| productos alimenticios e bebidas | 689 | 3.421.541,3 | 581.950,1 | 2.366.845,5 | 8 |
| téxtil | 85 | 219.812,9 | 61.119,3 | 155.474,0 | 20 |
| confeción e peletería | 314 | 1.195.659,5 | 246.816,3 | 698.250,8 | 20 |
| preparación, curtido e acabado de coiro, fabric. artigos marroquinería e viaxe; artigos albardería, talabardería e zapatería | 14 | 23.745,5 | 5.343,0 | 20.605,1 | 9 |
| madeira e cortiza, agás mobles; cestería e espartería | 479 | 1.282.152,3 | 262.801,5 | 1.209.357,9 | 8 |
| papel | 23 | 86.089,9 | 21.374,9 | 78.180,6 | 18 |
| edición, artes gráficas e reproduc. de soportes gravados | 274 | 328.236,9 | 130.937,5 | 295.794,0 | 7 |
| química | 57 | 367.300,2 | 76.067,7 | 551.656,0 | 18 |
| fabricación de productos de caucho e mat. plásticas | 117 | 395.014,8 | 115.695,9 | 327.405,9 | 14 |
| fabricación doutros productos minerais non metálicos | 410 | 969.120,3 | 297.493,0 | 1.044.984,6 | 12 |
| metalurxia | 42 | 765.458,4 | 112.720,9 | 541.710,0 | 14 |
| fabricación de productos metálicos, agás maquinaria e equipo | 836 | 1.118.611,7 | 353.407,7 | 851.861,1 | 9 |
| da construcción de maquinaria e equipo mecánico | 230 | 374.059,2 | 111.451,9 | 334.289,3 | 10 |
| fabricación de maquinaria e material eléctrico | 33 | 160.389,5 | 43.801,3 | 149.340,0 | 14 |
| fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio, televisión e comunicacións | 17 | 144.034,8 | 45.204,0 | 108.965,1 | 55 |
| fabricación de equipos e instrumentos médicos-cirúrxicos, de precisión, óptica e reloxería | 19 | 8.596,1 | 4.089,5 | 7.880,3 | 11 |
| fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | 60 | 6.102.643,4 | 855.364,2 | 2.318.307,5 | 26 |
| fabricación doutro material de transporte | 187 | 797.642,5 | 189.619,6 | 794.545,7 | 19 |
| fabricación de mobles; outras ind. manufactureiras | 263 | 306.100,1 | 95.606,5 | 250.211,2 | 10 |
| reciclaxe | 21 | 20.948,5 | 7.722,5 | 17.975,4 | 5 |
| **Produc. e distrib. de enerxía eléctrica, gas e auga** | 99 | 373.972,2 | 211.407,9 | 1.784.513,5 | 5 |
| Prod. e distr. enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente | 87 | 338.961,5 | 193.089,5 | 1.734.629,4 | 4 |
| Captación, depuración e distribución de auga | 12 | 35.010,7 | 18.318,4 | 49.884,1 | 9 |
| **Construcción** | 4.535 | 5.541.313,6 | 1.509.970,4 | 4.346.647,3 | 7 |
| **Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico** | 7.853 | 19.734.796,2 | 2.557.359,8 | 10.435.613,6 | 5 |
| Venda, mantenemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor | 1.507 | 2.804.113,9 | 343.169,3 | 1.206.137,4 | 6 |
| Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas | 3.514 | 11.910.889,7 | 1.112.526,6 | 6.864.905,0 | 6 |
| Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos | 2.832 | 5.019.792,6 | 1.101.664,0 | 2.364.571,2 | 4 |
| **Hostalería** | 967 | 414.377,4 | 169.058,5 | 532.467,9 | 6 |
| **Transporte, almacenamento e comunicacións** | 1.252 | 1.993.896,6 | 644.343,7 | 3.951.130,9 | 7 |
| Transporte terrestre; transporte por tubos | 879 | 938.713,3 | 327.944,3 | 852.774,2 | 7 |
| Transporte marítimo de cabotaxe e por vías de navegación interiores | 22 | 34.327,0 | 17.126,2 | 58.240,0 | 6 |
| Act. anexas ós transportes; act. axencias viaxes | 312 | 822.286,8 | 273.851,3 | 2.394.595,6 | 7 |
| Correos e telecomunicacións | 37 | 196.147,4 | 24.560,2 | 643.067,8 | 14 |
| **Act. inmobiliarias e de alugueiro; serv. empresariais** | 2.959 | 3.371.478,0 | 1.186.199,1 | 8.914.807,7 | 4 |
| Act. Inmobiliarias | 1.312 | 1.928.777,6 | 473.242,5 | 6.259.375,9 | 3 |
| Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos | 132 | 145.663,4 | 60.320,3 | 174.197,8 | 5 |
| Act. Informáticas | 296 | 173.620,4 | 64.082,6 | 113.599,0 | 5 |
| Investigación e desenvolvemento | 11 | 9.356,8 | 4.113,4 | 6.883,3 | 4 |
| Outras actividades empresariais | 1.208 | 1.114.059,7 | 584.440,2 | 2.360.751,7 | 6 |
| **Educación** | 179 | 85.079,1 | 50.018,7 | 70.051,4 | 7 |
| **Act. sanitarias e veterinarias. Servizos sociais** | 241 | 292.629,1 | 159.544,0 | 232.912,3 | 5 |
| **Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais** | 546 | 660.683,1 | 173.503,3 | 942.317,0 | 6 |
| Act. de saneamento público | 17 | 91.027,1 | 29.084,6 | 307.712,1 | 20 |
| Act. asociativas | 8 | 8.748,9 | 3.823,9 | 8.395,9 | 24 |
| Act. recreativas, culturais e deportivas | 370 | 473.347,1 | 99.044,4 | 510.432,6 | 5 |
| Act. diversas de servizos persoais | 151 | 87.559,9 | 41.550,5 | 115.776,4 | 7 |
| **Total empresas analizadas** | 23.508 | 51.538.044,3 | 10.590.369,0 | 43.629.829,1 | 6 |

Fonte: *IGE, Central de balances de Galicia*

▲ CADRO 2.3.8.

*Evolución dos agregados económicos básicos do sector empresarial 1999-2002: distribución segundo tamaño*




Fonte: *IGE, Central de balances de Galicia*

GRÁFICO 2.3.2. ▲

A análise do tecido empresarial segundo tamaño[6] amosa un comportamento máis dinámico das grandes empresas, con incrementos medios superiores ós do conxunto de empresas galegas. Tal e como se aprecia no **gráfico 2.3.2.**, o VEB xerado polas 129 grandes empresas que presentaron os datos contables os catro anos considerados na Central de balances medrou en 2002 un 12,8%, sendo esta medra do 11,3% no caso dos ingresos de explotación. Cómpre salienta-la medra do investimento en inmobilizado inmaterial, onde se rexistra a diferencia máis significativa entre estas empresas e as demais.

Ao contrario do acontecido nas grandes empresas, as pequenas e medianas empresas (3.042 e 720 empresas con datos contables no período 1999-2002, respectivamente) experimentaron en 2002 unha ralentización do crecemento dos agregados económicos básicos. Este menor dinamismo agudízase no caso das

(6) O criterio seguido para face-la clasificación de empresas segundo tamaño foi o volume de ingresos de explotación xerado no derradeiro ano dispoñible, tratando de axustarse á normativa da UE.
- Micro-empresas: Que teñen menos ou igual a 1.500.000 euros de ingresos de explotación.
- Pequena empresa: Que teñen máis de 1.500.000 euros e menos ou igual a 7.000.000 euros de ingresos de explotación.
- Mediana empresa: Que teñen máis de 7.000.000 euros, e menos ou igual a 40.000.000 euros de ingresos de explotación.
- Gran empresa: As que teñen máis de 40.000.000 euros de ingresos de explotación.

micro-empresas, onde se o VEB e os ingresos de explotación xerados por estas empresas (0,9% e 5,2%, respectivamente).

Atendendo á distribución provincial, cómpre salienta-lo VEB das microempresas nas provincias de Ourense e Pontevedra, así como a caída dos ingresos de explotacións deste grupo de empresas en A Coruña, Ourense e Pontevedra. Asemade, fronte á caída do VEB nas grandes empresas ourensás (-0,8%), en A Coruña e Lugo este medra por riba do 20% (23,4% e 27,1%, respectivamente).

## Trazos de competitividade das empresas galegas

A análise dos trazos de competitividade das empresas galegas partirá dos datos das empresas seleccionadas por Ardán en función dos seguintes criterios: empresas que teñen a súa sede social en Galicia, que a súa facturación excedeu de 300.000 de euros en 2003, cumpren coas súas obrigacións rexistrais e se dispón de datos para tres anos consecutivos.

Seguindo a metodoloxía do servizo de información Ardán, á hora de analiza-la competitividade das empresas galegas, estas pódense dividir en empresas gacela, empresas de alto rendemento, empresas xeradoras de riqueza e, finalmente, empresas de alta productividade.

Das 11.379 empresas que cumpren os criterios mencionados (exclúense as empresas financeiras pola súa peculiaridade), un total de 441 empresas, analizadas desde 2001 a 2003, son consideradas **empresas gacela** (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, ao longo dun período de alomenos 3 anos consecutivos, por encima do 25% de incremento anual, durante cada un dos tres anos). Destas 441 empresas, un total de 110 empresas multiplican o seu volume de negocios por máis de tres, das que 36 empresas o fan por máis de 5. O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, de 64,8% no período 2001-2003.

Atendendo á desagregación por sectores, o **cadro 2.3.9.** reflicte que os tres sectores máis importantes son os de construcción, fabricantes e comercio por xunto, que acollen o 66,4% das empresas gacela consideradas por Ardán. No grupo das actividades de construcción salientan os contratistas xerais, os promotores de obras e instalacións eléctricas. No grupo da distribución por xunto, cómpre destaca-los comerciantes por xunto de peixes e mariscos, e os de materiais para a construcción, namentres que entre as actividades de fabricación salientan os traballos de carpintería metálica, a pedra traballada, mármore e carpintería.

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 237 **empresas de alto rendemento** (aquelas que conseguen unha rendibilidade económica media de alomenos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ao 15%) que presentan unha rendibilidade económica nos anos 2001, 2002 e 2003 do 36,0%, 36,2% e o 35,9%, sucesivamente. A meirande parte das mesmas están emprazadas en dous grandes sectores, o das actividades de servizos e os de fabricación, que acollen o 55,3% das empresas consideradas de alto rendemento. No primeiro caso salientan as oficinas técnicas de enxeñería e arquitectura, os servizos comerciais, as empresas de asesoría e relacións públicas e o sector de máquinas tragaperras para recreo. No segundo caso cómpre salientar as empresas no sector de fabricación de artigos plásticos diversos, fabricación de productos confeccionados de téxtiles, ou o sector de traballos de carpintería metálica, así como na construcción e reparación de buques.

***Trazos de competitividade das empresas galegas 2003***

| | Empresas Gacela (1) | | Empresas de alto rendemento (2) | | Empresas xeradoras de riqueza (3) | | Empresas de alta productividade (4) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(% / total)* | *Número* | *(% / total)* | *Número* | *(% / total)* | *Número* | *(% / total)* |
| **Construcción** | 134 | 30,4 | 36 | 15,2 | 22 | 21,2 | 39 | 25,2 |
| **Fabricantes** | 80 | 18,1 | 53 | 22,4 | 34 | 32,7 | 32 | 20,6 |
| **Maioristas** | 79 | 17,9 | 28 | 11,8 | 17 | 16,3 | 34 | 21,9 |
| **Sevizos** | 53 | 12,0 | 78 | 32,9 | 11 | 10,6 | 24 | 15,5 |
| **Transportes, comunicacións e serv. públicos** | 31 | 7,0 | 21 | 8,9 | 12 | 11,5 | 5 | 3,2 |
| **Detallistas** | 43 | 9,8 | 17 | 7,2 | 5 | 4,8 | 20 | 12,9 |
| **Agricultura, silvicultura, gandería e pesca** | 17 | 3,9 | 2 | 0,8 | - | - | 1 | 0,6 |
| **Minería** | 4 | 0,9 | 2 | 0,8 | 3 | 2,9 | - | - |
| **Total** | 441 | 100 | 237 | 85 | 104 | 100 | 155 | 100 |

(1) aquela empresa que aumenta o seu volume de negocio de forma continuada, durante un periodo de polo menos 3 anos consecutivos, cun incremento anual superior ó 25%, durante cada un dos 3 anos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun periodo mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o periodo de análise, que o VEB de 2001 sexa superior a 150.000 euros e que o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os 3 anos de estudio

(4) aquela empresa que durante os 3 anos consecutivos obtén un VEB por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este crece por riba do 10% durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudio.

Fonte: *Ardán*

CADRO 2.3.9. ▲

En relación ás **empresas xeradoras de riqueza** (aquelas que cumpren os seguintes tres requisitos: crean un valor positivo para o accionista no período 2001-03; o valor engadido bruto de 2001 debe ser superior ós 150.000 euros; e, finalmente, o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os tres anos), Ardán considera que hai un total de 104 empresas, emprazadas principalmente nos sectores de fabricantes e da construcción, que acollen o 53,9% das mesmas. Dentro destas actividades de fabricación salientan as relacionadas coas conservas de pescado e froitos do mar, productos confeccionados de téxtiles e cos alimentos preparados para animais. Entre as de construcción cómpre salientar as de contratistas xerais, promotores de obras, construccións pesadas, instalacións eléctricas e contratistas especializados.

Finalmente, hai que considerar un total de 155 **empresas de alta productividade** (aquela que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudio), emprazadas principalmente nas actividades de construcción, distribución por xunto e fabricantes, que acollen ao 67,7% das empresas consideradas.

Xunto a estes cualificadores de distintos trazos da competitividade empresarial, o **cadro 2.3.10.** amosa unha serie de datos de empresas con certificación de calidade. Das 941 empresas galegas con certificación de calidade analizadas por Ardán –empresas con datos de 2003 e unha facturación superior a 300.000 euros, non tendo en conta nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais–, 394 empresas teñen a súa sede social en Pontevedra (o 43,6% das empresas con certificación de calidade consideradas na mostra) e 390 sociedades, en A Coruña (o 39,8%).

Atendendo ao tamaño das empresas, medido en termos dos ingresos de explotación, das devanditas 941 empresas galegas con certificación de calidade, o 29,2% das empresas (275 empresas) facturaron entre un e tres millóns de euros, e un 28,8% (271 empresas) entre cinco e vinte millóns de euros.

Das empresas con razón social en Galicia que posúen a certificación de cali-

**Certificación da calidade das empresas galegas 2003: distribución segundo localización e tamaño das empresas**

| Ingresos de explotación | Galicia | (%) | A Coruña | (%) | Lugo | (%) | Ourense | (%) | Pontevedra | (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **300.000 euros - 1 millón euros** | 109 | 11,6 | 42 | 10,8 | 8 | 10,0 | 11 | 14,3 | 48 | 12,2 |
| **1 - 3 millóns de euros** | 275 | 29,2 | 107 | 27,4 | 26 | 32,5 | 16 | 20,8 | 126 | 32,0 |
| **3 - 5 millóns de euros** | 144 | 15,3 | 51 | 13,1 | 15 | 18,8 | 14 | 18,2 | 64 | 16,2 |
| **5 - 20 millóns de euros** | 271 | 28,8 | 118 | 30,3 | 23 | 28,8 | 25 | 32,5 | 105 | 26,6 |
| **máis de 20 millóns de euros** | 142 | 15,1 | 72 | 18,5 | 8 | 10,0 | 11 | 14,3 | 51 | 12,9 |
| **Total** | 941 | 100 | 390 | 100 | 80 | 100 | 77 | 100 | 394 | 100 |

**(1) A mostra está formada por empresas con datos de 2003 e unha facturación superior a 300.000 euros. Dada a súa peculiaridade, o estudio non incorporou nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais.**

Fonte: *Ardán*

▲ CADRO 2.3.10.

dade, o 41,2% das mesmas pertencen ao grupo dos fabricantes. Dentro da actividades englobadas neste sector, cómpre reseñar a construcción e reparación de buques, a fabricación de artigos plásticos en xeral, a fabricación de estructuras de metal, os traballos de carpintería metálica e a fabricación de productos confeccionados de téxtiles.

## Empresas de economía social

As entidades que se engloban dentro da Economía Social caracterízanse por que a adopción de decisións e o reparto de beneficios non se realizan en función do capital aportado, senón en función dun criterio personalista ou segundo a actividade que cada persoa realice na entidade. Dende unha óptica de mercado, estas sociedades diferéncianse doutras formas xurídicas mercantís na forma de tomar decisións e de reparti-los excedentes empresariais.

Atendendo ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, cómpre salientar que en Galicia, ao igual que no conxunto do Estado, case catro de cada dez persoas que traballan nestas sociedades mulleres; que en torno ao 45 por cento dos traballadores teñen unha idade comprendida entre 25 e 39 anos, e case un tercio entre 40 e 54 anos; e que un 10,0% dos traballadores realiza a súa actividade a tempo parcial.

Entre as diferencias co rexistrado en España, pódese destacar que,

• no concernente á antigüidade na relación que mantén o traballador coa súa sociedade, a 31 de decembro de 2004, o 44,1% dos traballadores galegos -excluídos os autónomos- mantén unha relación superior a tres anos, fronte ao 28,6% no conxunto do Estado. En Galicia, un 20,4% dos traballadores mantén unha relación inferior a seis meses, sendo esta porcentaxe do 37,3% no conxunto do Estado.

• no 40,7% das sociedades traballan menos de 10 persoas (59,0% nas sociedades de Lugo) e no 19,0% máis de cen traballadores (43,0% en Ourense). Comparado co resto das CC.AA., no primeiro caso Galicia é a cuarta comunidade cos maior porcentaxe, por detrás de Castela e León, Canarias e Castela a Mancha, e no concernente ás sociedades con máis de cen traballadores, Galicia tan só supera a Estremadura e Castela A Mancha.

O número de **sociedades cooperativas** activas ou en funcionamento en Galicia a 31 de decembro de 2004 descendeu ata as 911 sociedades (24 menos que no mesmo período do ano anterior), que acollían a 8.515 traballadores (262

*Traballadores da economía social en alta laboral na Seguridad Social 2004(1) en Galicia e España*

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | España |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | (%) | | |
| **Distribución segundo sexo** | | | | | | |
| **Varóns** | 63,0 | 59,8 | 63,0 | 64,2 | 65,4 | 61,8 |
| **Mulleres** | 37,0 | 40,2 | 37,0 | 35,8 | 34,6 | 38,2 |
| **Distribución segundo idade** | | | | | | |
| **Menores de 25 anos** | 10,2 | 9,8 | 12,4 | 7,3 | 11,3 | 12,4 |
| **De 25 a 39 anos** | 45,4 | 46,0 | 49,4 | 44,4 | 44,0 | 47,0 |
| **De 40 a 54 anos** | 33,6 | 33,4 | 31,0 | 37,9 | 32,3 | 31,5 |
| **De 55 anos ou máis** | 10,8 | 10,8 | 7,2 | 10,3 | 12,4 | 9,1 |
| **Distribución segundo lugar de orixe** | | | | | | |
| **España** | 98,5 | 99,1 | 98,6 | 98,1 | 98,3 | 93,6 |
| **Estranxeiro** | 1,5 | 0,9 | 1,4 | 1,9 | 1,7 | 6,4 |
| **Distribución dos traballadores estranxeiros segundo tipo de relación** | | | | | | |
| **Indefinida** | 77,0 | 73,9 | 79,0 | 85,6 | 74,0 | 71,0 |
| **Temporal** | 23,0 | 26,1 | 21,0 | 14,4 | 26,0 | 29,0 |
| **Distribución segundo tipo de xornada** | | | | | | |
| **Tempo completo** | 89,9 | 89,6 | 92,2 | 95,1 | 86,3 | 89,1 |
| **Tempo parcial** | 10,1 | 10,4 | 7,8 | 4,9 | 13,7 | 10,9 |
| **Distribución segundo antigüedade** | | | | | | |
| **Ata 6 meses** | 20,4 | 22,2 | 17,4 | 13,1 | 23,8 | 37,3 |
| **De 6 meses a un ano** | 11,0 | 11,0 | 12,7 | 6,6 | 12,6 | 11,0 |
| **De 1 a 3 anos** | 24,5 | 23,0 | 29,8 | 21,7 | 25,4 | 23,1 |
| **De 3 a 5 anos** | 14,7 | 11,9 | 16,3 | 15,5 | 16,3 | 9,8 |
| **Máis de 5 anos** | 29,4 | 31,9 | 23,8 | 43,1 | 21,8 | 18,8 |
| **Distribución segundo tamaño de sociedade** | | | | | | |
| **0-5 traballadores** | 24,9 | 24,6 | 41,6 | 17,3 | 23,0 | |
| **6-10 traballadores** | 15,8 | 18,3 | 17,4 | 13,0 | 14,4 | |
| **11-25 traballadores** | 20,6 | 26,8 | 19,8 | 9,4 | 21,2 | |
| **26-50 traballadores** | 11,9 | 11,2 | 4,8 | 11,0 | 15,7 | |
| **51-100 traballadores** | 7,8 | 6,7 | 9,1 | 6,3 | 9,1 | |
| **101-250 traballadores** | 6,6 | 5,5 | 7,2 | 1,7 | 10,0 | |
| **Máis de 250 traballadores** | 12,4 | 7,0 | 0,1 | 41,3 | 6,6 | |
| **Distribución segundo sector** | | | | | | |
| **Agricultura** | 6,2 | 2,3 | 7,2 | 17,6 | 2,7 | |
| **Industria** | 34,6 | 36,5 | 25,1 | 41,0 | 32,6 | |
| **Construcción** | 13,0 | 14,5 | 10,0 | 6,4 | 16,6 | |
| **Servizos** | 46,3 | 46,7 | 57,7 | 35,0 | 48,1 | |

**(1) datos a 31 de decembro**

Fonte: *Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo*

CADRO 2.3.11. ▲

persoas menos). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 3,6% das sociedades cooperativas, sendo o peso relativo dos traballadores neste tipo de empresas do 2,8%. Como amosa o **cadro 2.3.12.**, prodúcese unha concentración das sociedades cooperativas en tres comunidades autónomas, Cataluña, Andalucía e a C. Valenciana, que en conxunto acollen o 57,7% do total de cooperativas e o 51,2% dos traballadores.

A Coruña é a provincia con maior número de cooperativas, con 337 sociedades cooperativas e 2.904 traballadores, o que implica unha media de 8,6 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 9,3 traballadores por sociedade (12,2 traballadores por sociedade de media no conxunto do Estado). As provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha media superior á galega con 13,4 e 9,7 traballadores por sociedade cooperativa, respectivamente.

O número de sociedades cooperativas constituídas en Galicia en 2004 ascendeu a 45, cun total de 1.106 socios iniciais, o que representou o 2,2% do total de cooperativas constituídas en España e o 4,1% dos socios. En relación ao ano anterior, cómpre salientar que a pesar do descenso do número de cooperativas constituídas, 24 sociedades menos, rexístrase unha medra no número de cooperativistas (23 socios máis).

### Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2003-04: número e traballadores

| | 2003 | | | | 2004 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sociedades | CA / total (%) | Traballadores | CA / total (%) | Sociedades | CA / total (%) | Traballadores | CA / total (%) |
| **Andalucía** | 5.255 | 21,1 | 70.853 | 22,2 | 5.494 | 21,7 | 61.815 | 20,0 |
| **Aragón** | 768 | 3,1 | 7.034 | 2,2 | 807 | 3,2 | 7.655 | 2,5 |
| **Asturias** | 293 | 1,2 | 3.452 | 1,1 | 292 | 1,2 | 3.445 | 1,1 |
| **Baleares** | 187 | 0,8 | 2.465 | 0,8 | 190 | 0,7 | 2.466 | 0,8 |
| **Canarias** | 414 | 1,7 | 7.234 | 2,3 | 412 | 1,6 | 6.854 | 2,2 |
| **Cantabria** | 92 | 0,4 | 957 | 0,3 | 89 | 0,4 | 1.307 | 0,4 |
| **Castela-A Mancha** | 1.418 | 5,7 | 12.057 | 3,8 | 1.468 | 5,8 | 12.348 | 4,0 |
| **Castela e León** | 1.358 | 5,5 | 11.072 | 3,5 | 1.412 | 5,6 | 10.869 | 3,5 |
| **Cataluña** | 6.356 | 25,5 | 41.065 | 12,8 | 6.112 | 24,1 | 39.537 | 12,8 |
| **C. Valenciana** | 2.889 | 11,6 | 58.258 | 18,2 | 3.022 | 11,9 | 56.744 | 18,4 |
| **Estremadura** | 741 | 3,0 | 8.269 | 2,6 | 747 | 2,9 | 7.076 | 2,3 |
| **Galicia** | 935 | 3,8 | 8.777 | 2,7 | 911 | 3,6 | 8.515 | 2,8 |
| **A Coruña** | 338 | 1,4 | 2.829 | 0,9 | 337 | 1,3 | 2.904 | 0,9 |
| **Lugo** | 159 | 0,6 | 1.010 | 0,3 | 160 | 0,6 | 987 | 0,3 |
| **Ourense** | 172 | 0,7 | 2.307 | 0,7 | 164 | 0,6 | 2.205 | 0,7 |
| **Pontevedra** | 266 | 1,1 | 2.631 | 0,8 | 250 | 1,0 | 2.419 | 0,8 |
| **Madrid** | 920 | 3,7 | 11.677 | 3,7 | 957 | 3,8 | 12.179 | 3,9 |
| **Murcia** | 1.401 | 5,6 | 17.797 | 5,6 | 1.506 | 5,9 | 17.461 | 5,7 |
| **Navarra** | 259 | 1,0 | 4.372 | 1,4 | 261 | 1,0 | 4.345 | 1,4 |
| **País Vasco** | 1.403 | 5,6 | 52.271 | 16,3 | 1.443 | 5,7 | 54.038 | 17,5 |
| **Rioxa** | 161 | 0,6 | 1.591 | 0,5 | 172 | 0,7 | 1.591 | 0,5 |
| **Ceuta e Melilla** | 57 | 0,2 | 554 | 0,2 | 59 | 0,2 | 563 | 0,2 |
| **Total** | 24.907 | 100 | 319.755 | 100 | 25.354 | 100 | 308.808 | 100 |

Fonte: *Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo*

### Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 2003-04: número e socios iniciais

| | 2003 | | | | 2004 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sociedades | CA / total (%) | Socios iniciais | CA / total (%) | Sociedades | CA / total (%) | Socios iniciais | CA / total (%) |
| **Andalucía** | 719 | 33,8 | 4.769 | 16,8 | 586 | 28,7 | 3.808 | 14,0 |
| **Aragón** | 80 | 3,8 | 391 | 1,4 | 87 | 4,3 | 406 | 1,5 |
| **Asturias** | 17 | 0,8 | 123 | 0,4 | 19 | 0,9 | 86 | 0,3 |
| **Baleares** | 20 | 0,9 | 77 | 0,3 | 10 | 0,5 | 50 | 0,2 |
| **Canarias** | 29 | 1,4 | 180 | 0,6 | 12 | 0,6 | 59 | 0,2 |
| **Cantabria** | 3 | 0,1 | 16 | 0,1 | 2 | 0,1 | 13 | 0,0 |
| **Castela - A Mancha** | 87 | 4,1 | 2.468 | 8,7 | 81 | 4,0 | 3.275 | 12,0 |
| **Castela e León** | 110 | 5,2 | 874 | 3,1 | 159 | 7,8 | 1.869 | 6,9 |
| **Cataluña** | 234 | 11,0 | 858 | 3,0 | 207 | 10,1 | 864 | 3,2 |
| **C. Valenciana** | 172 | 8,1 | 13.793 | 48,5 | 206 | 10,1 | 9.519 | 35,0 |
| **Estremadura** | 41 | 1,9 | 372 | 1,3 | 44 | 2,2 | 505 | 1,9 |
| **Galicia** | 73 | 3,4 | 1.345 | 4,7 | 45 | 2,2 | 1.106 | 4,1 |
| **A Coruña** | 31 | 1,5 | 562 | 2,0 | 10 | 0,5 | 542 | 2,0 |
| **Lugo** | 10 | 0,5 | 148 | 0,5 | 3 | 0,1 | 26 | 0,1 |
| **Ourense** | 5 | 0,2 | 47 | 0,2 | 2 | 0,1 | 11 | 0,0 |
| **Pontevedra** | 19 | 0,9 | 307 | 1,1 | 10 | 0,5 | 203 | 0,7 |
| **R.A. Galicia** | 8 | 0,4 | 281 | 1,0 | 20 | 1,0 | 324 | 1,2 |
| **Madrid** | 165 | 7,8 | 800 | 2,8 | 166 | 8,1 | 846 | 3,1 |
| **Murcia** | 233 | 11,0 | 953 | 3,3 | 227 | 11,1 | 995 | 3,7 |
| **Navarra** | 18 | 0,8 | 105 | 0,4 | 28 | 1,4 | 154 | 0,6 |
| **País Vasco** | 88 | 4,1 | 1.113 | 3,9 | 111 | 5,4 | 3.302 | 12,1 |
| **Rioxa** | 7 | 0,3 | 32 | 0,1 | 6 | 0,3 | 104 | 0,4 |
| **Ceuta e Melilla** | 3 | 0,1 | 17 | 0,1 | 6 | 0,3 | 90 | 0,3 |
| **Rexistro Central** | 27 | 1,3 | 164 | 0,6 | 40 | 2,0 | 167 | 0,6 |
| **Total** | 2.126 | 100 | 28.450 | 100 | 2.042 | 100 | 27.218 | 100 |

Fonte: *Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo*

▲ CADRO 2.3.12.

▲ CADRO 2.3.13.

CADRO 2.3.14.

***Sociedades cooperativas constituídas en Galicia 2003-04: distribución segundo clase***

**2003**

| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | R.A. Galicia | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | Número | Socios |
| **Traballo asociado** | 6 | 19 | 5 | 24 | 4 | 13 | 12 | 44 | 3 | 38 | 30 | 138 |
| **Consumidores e usuarios** | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Vivendas** | 8 | 354 | - | - | - | - | 2 | 128 | 2 | 154 | 12 | 636 |
| **Agrarias** | 16 | 184 | 5 | 124 | 1 | 34 | 4 | 88 | 2 | 70 | 28 | 500 |
| **Explotación común da terra** | 1 | 5 | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 | 5 |
| **Servizos** | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Transportes** | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 | 19 | 1 | 19 |
| **Ensinanza** | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Outros** | - | - | - | - | - | - | 1 | 47 | - | - | 1 | 47 |
| **Total** | 31 | 562 | 15 | 97 | 5 | 47 | 19 | 307 | 9 | 70 | 79 | 1.083 |

**2004**

| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | R.A. Galicia | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | Número | Socios |
| **Traballo asociado** | 1 | 4 | - | - | 2 | 11 | 7 | 23 | 7 | 30 | 17 | 68 |
| **Consumidores e usuarios** | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Vivendas** | 3 | 357 | - | - | - | - | 1 | 136 | 2 | 110 | 6 | 603 |
| **Agrarias** | 5 | 148 | 3 | 26 | - | - | - | - | 8 | 150 | 16 | 324 |
| **Explotación común da terra** | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 | 4 | 1 | 4 |
| **Servizos** | 1 | 33 | - | - | - | - | - | - | 1 | 16 | 2 | 49 |
| **Transportes** | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 | 14 | 1 | 14 |
| **Ensinanza** | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Outros** | - | - | - | - | - | - | 2 | 44 | - | - | 2 | 44 |
| **Total** | 10 | 542 | 3 | 26 | 2 | 11 | 10 | 203 | 20 | 324 | 45 | 1.106 |

Fonte: *Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo*

***Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2003-04: número e traballadores***

| | 2003 | | | | 2004 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sociedades | | Traballadores | | Sociedades | | Traballadores | |
| | | CA / total *(%)* | | CA / total *(%)* | | CA / total *(%)* | | CA / total *(%)* |
| **Andalucía** | 3.398 | 18,5 | 18.631 | 17,0 | 4.099 | 21,1 | 23.678 | 20,3 |
| **Aragón** | 747 | 4,1 | 3.279 | 3,0 | 723 | 3,7 | 3.151 | 2,7 |
| **Asturias** | 475 | 2,6 | 2.958 | 2,7 | 503 | 2,6 | 2.843 | 2,4 |
| **Baleares** | 232 | 1,3 | 1.188 | 1,1 | 237 | 1,2 | 1.083 | 0,9 |
| **Canarias** | 832 | 4,5 | 3.498 | 3,2 | 801 | 4,1 | 3.675 | 3,1 |
| **Cantabria** | 152 | 0,8 | 1.146 | 1,0 | 160 | 0,8 | 1.206 | 1,0 |
| **Castela -A Mancha** | 1.551 | 8,4 | 8.639 | 7,9 | 1.656 | 8,5 | 9.604 | 8,2 |
| **Castela e León** | 939 | 5,1 | 4.228 | 3,9 | 954 | 4,9 | 4.387 | 3,8 |
| **Cataluña** | 1.944 | 10,6 | 11.722 | 10,7 | 1.982 | 10,2 | 11.951 | 10,2 |
| **C. Valenciana** | 1.652 | 9,0 | 10.087 | 9,2 | 1.719 | 8,9 | 10.801 | 9,2 |
| **Estremadura** | 483 | 2,6 | 2.848 | 2,6 | 495 | 2,6 | 3.009 | 2,6 |
| **Galicia** | 1.074 | 5,8 | 5.254 | 4,8 | 1.076 | 5,5 | 5.431 | 4,6 |
| **A Coruña** | 336 | 1,8 | 1.651 | 1,5 | 346 | 1,8 | 1.703 | 1,5 |
| **Lugo** | 214 | 1,2 | 824 | 0,8 | 197 | 1,0 | 823 | 0,7 |
| **Ourense** | 149 | 0,8 | 566 | 0,5 | 153 | 0,8 | 559 | 0,5 |
| **Pontevedra** | 375 | 2,0 | 2.213 | 2,0 | 380 | 2,0 | 2.346 | 2,0 |
| **Madrid** | 2.268 | 12,3 | 12.247 | 11,2 | 2.286 | 11,8 | 12.433 | 10,6 |
| **Murcia** | 889 | 4,8 | 5.972 | 5,4 | 972 | 5,0 | 6.282 | 5,4 |
| **Navarra** | 527 | 2,9 | 4.351 | 4,0 | 511 | 2,6 | 4.324 | 3,7 |
| **País Vasco** | 1.146 | 6,2 | 13.036 | 11,9 | 1.124 | 5,8 | 12.510 | 10,7 |
| **Rioxa** | 86 | 0,5 | 434 | 0,4 | 82 | 0,4 | 411 | 0,4 |
| **Ceuta e Melilla** | 12 | 0,1 | 78 | 0,1 | 13 | 0,1 | 73 | 0,1 |
| **Total** | 18.407 | 100 | 109.596 | 100 | 19.393 | 100 | 116.852 | 100 |

Fonte: *Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo*

▲ CADRO 2.3.15.

As catro provincias galegas presentan unha caída do número de cooperativas e socios, sendo a máis acusada a rexistrada en A Coruña, con 21 sociedades menos. A pesar desta reducción, esta provincia é a que presenta o maior número de cooperativistas, con 542 socios, e o maior número de cooperativas, con dez (ao igual que Pontevedra).

O maior número de cooperativas inscritas corresponde ás de "Traballo asociado" e ás cooperativas agrarias, con 17 e 16 sociedades, respectivamente. En conxunto, estas dúas clases de cooperativas supoñen o 73,3% das sociedades constituídas en Galicia no último ano. En termos de número de socios iniciais, as cooperativas de vivendas acollen o 54,5% do total de socios (603 socios) e as cooperativas agrarias un 29,3% (324 socios).

O número de **sociedades laborais** en España, a 31 de decembro do ano 2004 ascendía a 19.393 empresas (SA e SL), un 5,4% superior ao existente no mesmo período do ano anterior. Estas sociedades concéntranse especialmente nas comunidades de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco e C. Valenciana, que agrupan ao 57,8% do total estatal. A devandita concentración ten a súa correspondencia no emprego, xa que esas cinco comunidades acaparan o 61,1% dos socios iniciais (**cadro 2.3.15.**).

Galicia tiña, no mesmo período, 1.076 sociedades laborais en alta na Seguridade Social (dúas máis que no ano anterior), un 5,5% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 5.431 socios iniciais, o que representa o 4,6% dos socios no conxunto do Estado (116.852 socios iniciais).

Ao longo do ano 2004, volve a descender o número de sociedades laborais rexistradas e o seu número de socios. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 203 sociedades laborais (oitenta menos que no ano anterior), que agruparon

**Sociedades laborais rexistradas nas CC.AA. 2003-04: número e socios iniciais**

| | 2003 | | | | 2004 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sociedades | | Socios iniciais | | Sociedades | | Socios iniciais | |
| | | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) |
| **Andalucía** | 1.520 | 28,4 | 5.492 | 28,8 | 1.316 | 31,0 | 4.788 | 30,8 |
| **Aragón** | 154 | 2,9 | 529 | 2,8 | 123 | 2,9 | 442 | 2,8 |
| **Asturias** | 111 | 2,1 | 401 | 2,1 | 124 | 2,9 | 433 | 2,8 |
| **Baleares** | 96 | 1,8 | 358 | 1,9 | 65 | 1,5 | 219 | 1,4 |
| **Canarias** | 167 | 3,1 | 567 | 3,0 | 121 | 2,8 | 413 | 2,7 |
| **Cantabria** | 24 | 0,4 | 105 | 0,6 | 24 | 0,6 | 82 | 0,5 |
| **Castela - A Mancha** | 343 | 6,4 | 1.182 | 6,2 | 292 | 6,9 | 1.020 | 6,6 |
| **Castela e León** | 205 | 3,8 | 715 | 3,7 | 168 | 4,0 | 593 | 3,8 |
| **Cataluña** | 551 | 10,3 | 2.085 | 10,9 | 463 | 10,9 | 1.810 | 11,6 |
| **C. Valenciana** | 660 | 12,3 | 2.324 | 12,2 | 365 | 8,6 | 1.339 | 8,6 |
| **Estremadura** | 91 | 1,7 | 320 | 1,7 | 88 | 2,1 | 314 | 2,0 |
| **Galicia** | 283 | 5,3 | 943 | 4,9 | 203 | 4,8 | 706 | 4,5 |
| **A Coruña** | 68 | 1,3 | 231 | 1,2 | 52 | 1,2 | 187 | 1,2 |
| **Lugo** | 44 | 0,8 | 144 | 0,8 | 34 | 0,8 | 114 | 0,7 |
| **Ourense** | 45 | 0,8 | 144 | 0,8 | 39 | 0,9 | 137 | 0,9 |
| **Pontevedra** | 126 | 2,4 | 424 | 2,2 | 78 | 1,8 | 268 | 1,7 |
| **Madrid** | 605 | 11,3 | 2.084 | 10,9 | 457 | 10,8 | 1.605 | 10,3 |
| **Murcia** | 256 | 4,8 | 915 | 4,8 | 256 | 6,0 | 905 | 5,8 |
| **Navarra** | 100 | 1,9 | 366 | 1,9 | 73 | 1,7 | 287 | 1,8 |
| **País Vasco** | 162 | 3,0 | 616 | 3,2 | 106 | 2,5 | 577 | 3,7 |
| **Rioxa** | 20 | 0,4 | 67 | 0,4 | 4 | 0,1 | 18 | 0,1 |
| **Ceuta e Melilla** | 5 | 0,1 | 19 | 0,1 | 1 | 0,0 | 7 | 0,0 |
| **Total** | 5.353 | 100 | 19.088 | 100 | 4.249 | 100 | 15.558 | 100 |

Fonte: *Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo*

**Sociedades laborais rexistradas 2003-04: distribución sectorial**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | | 2004 | | 2003 | | 2004 | |
| | sociedades | socios | sociedades | socios | sociedades | socios | sociedades | socios |
| **Agrario** | 6 | 20 | 7 | 27 | 69 | 247 | 35 | 127 |
| **Non agrario** | 277 | 923 | 196 | 679 | 5.284 | 18.841 | 4.214 | 15.431 |
| **Industria** | 34 | 116 | 33 | 119 | 827 | 3.093 | 684 | 2.820 |
| **Construcción** | 39 | 129 | 29 | 103 | 1.078 | 3.780 | 967 | 3.460 |
| **Servicios** | 204 | 678 | 134 | 457 | 3.379 | 11.968 | 2.563 | 9.151 |
| **Total** | 283 | 943 | 203 | 706 | 5.353 | 19.088 | 4.249 | 15.558 |

Fonte: *Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo*

CADRO 2.3.16.

CADRO 2.3.17.

a 706 socios (237 menos que en 2003). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 4,8% do total das sociedades laborais rexistradas e o 4,5% do socios iniciais destas sociedades.

Como reflicte o **cadro 2.3.17.**, a meirande parte das sociedades laborais en Galicia concéntranse nos sectores non agrarios, 196 sociedades, e principalmente no sector servizos, que acolle as dúas terceiras partes das de sociedades laborais rexistradas en Galicia (134 sociedades) e o 64,7% dos socios iniciais (457 socios iniciais). No sector agrario, o número de sociedades laborais rexistradas foi de 7, sendo o seu número de socios de 27.